

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Padrón da taxa de recollida de lixo, ano 2019

Por resolución da Alcaldía de data 26 de novembro de 2019, adoptouse o acordo de aprobar o padrón cobratorio da taxa pola recollida de lixo correspondente ó ano 2019.

O referido padrón queda exposto ó público durante o prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. A presente publicación servirá de notificación colectiva conforme ó establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Contra o acordo mencionado, os interesados poderán interpoñer, ante a Alcaldía, o recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo do artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, nos termos previstos no referido precepto.

O período de pago en vía voluntaria remata o día 26 de decembro de 2019. Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de apremio, co recargo e xuros de demora que procedan.

Mañón, 26 de novembro de 2019.

O ALCALDE

Alfonso Emilio Balseiro Gómez

2019/9515